

ROGO DE AER SOBRE FEIRAS

PLENO 30 NOVIEMBRE 2011. ACTA 21/2011

Dende AER consideramos que as feiras que se organizaron ultimamente no noso concello, a Feira de Oportunidades e o Encontro de Sementes, foron experiencias de grande interese e con un grande éxito. Cómpre felicitar os organizadores, e os membros do equipo de goberno que facilitaron a súa realización. Desexamos que estas feiras teñan continuidade, e que se fagan cada fin de temporada, con carácter trimestral (fin do verán, do outono, do inverno e da primavera). Tamén consideramos que o feito de facelas coincidir xeraría sinerxias que beneficiarían aos colectivos locais que participan: os comerciantes e os produtores.

Para que isto sexa posible, rogamos ao equipo de goberno que se poña en contacto cos organizadores dos dous eventos, e constitúan un equipo de traballo conxunto para darlle continuidade a estas feiras, que repercutiron positivamente sobre colectivos socioeconómicos deste Concello.